

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 30/10/2020 10:47:33

SAIDA 12979/20



Reclamante: [REDACTED] en representación [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 73/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación remitida polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo 16 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. O Consejo de Transparencia y Buen Gobierno remitiu reclamación presentada por [REDACTED], en representación [REDACTED] que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 16 de xullo de 2020 ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Vigo, de información sobre o "Festival TerraCeo", anunciado o martes 9 de xuño na terraza do complexo Mar de Vigo.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

Segundo. Dado que o interesado presentou a súa reclamación en nome [REDACTED] de conformidade co disposto nos artigos 5 e 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con data do 24 de xullo de 2020, solicitóuselle a acreditación da dita representación por calquera medio válido en dereito, así como a acreditación da súa identidade mediante a remisión de copia do seu DNI, para o que se lle concedeu un prazo de dez días.

O interesado remitiu a documentación solicitada no prazo concedido.

Segundo. Con data do 27 de xullo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 28 de xullo de 2020.

Terceiro. Con data do 11 de agosto de 2020 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que se ditou resolución o 16 de xullo de 2020, da Concelleira delegada da Area de Xestión Municipal pola que acorda conceder o acceso á información pública pedida. O interesado solicitou aclaracións da resolución que lle foron remitidas con data do 17 de xullo de 2020 e solicitou con esa mesma data o acceso aos documentos da concesión do Auditorio.

Na resolución dáse acceso á información referida ao promotor do Festival, titular da terraza e concesión, quen impulsa o festival, licenza de actividade da terraza, acreditación do técnico redactor do proxecto de festival, acreditación do técnico do Concello que valida o proxecto técnico, data de autorización do Festival.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24

corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos



responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, o interesado presentou a súa reclamación transcorrido o prazo dun mes dende a súa solicitude sen ter recibida resolución, e o Concello de Vigo resolveu a solicitude transcorrido o prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou unha información que, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 1/2016, debe considerarse información pública por canto se trata de contidos e documentos elaborados ou adquiridos polo Concello de Vigo no exercicio das súas funcións.

O Concello, se ben fóra do prazo establecido polo artigo 27.4 da citada Lei, resolveu a solicitude de acceso á información, proporcionando a información solicitada, contestando ás aclaracións solicitadas pola [REDACTED] interesada e dando acceso ao expediente do auditorio solicitado.

De acordo co anterior, e por considerarse que o Concello de Vigo resolveu a solicitude de acceso á información, aínda que fóra do prazo previsto na normativa, procede a estimación da reclamación presentada por motivos formais.

ACORDA

Único: Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] contra a denegación por silencio administrativo, da súa solicitude ao Concello de Vigo, de información sobre o “Festival TerraCeo” na terraza do complexo Mar de Vigo (Pontevedra).

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.10.29 17:57:19 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia